

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/11	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	16 de marzo de 2023
Duración	Dende as 14:00 ata as 14:34 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuíña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 09.03.2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 09 de marzo de 2023.

Expediente 271/2023. Subvencións Directas ou Nominativas. CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a intensa labor cultural que realiza a Asociación Cultural Banda de Música municipal de Silleda.

Visto o programa presentado pola entidade para 2023 e o traballo didáctico que vén desenvolvendo nos últimos anos a través da Escola de Música de Silleda.

Visto o necesario apoio do Concello de Silleda a este tipo de iniciativas, para a promoción e difusión da música e da cultura.

Visto que dita subvención nominativa foi publicada no BOP de Pontevedra nº33 do 16 de febreiro de 2023 no anexo de subvencións nominativas.

Visto que transcurrido o prazo de 15 días da aprobación inicial non se presentaron alegacións e o acordo se aprobou definitivamente.

Visto o informe favorable da funcionaria do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación

Visto o informe de Intervención que obra no expediente.

Visto o convenio proposto que se transcribe a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA

En Silleda, á data da sinatura electrónica

Dunha parte, D. Manuel Cuiña Fernández, actuando como Alcalde-Presidente no seu nome e representación do Concello de Silleda, con CIF 3605200-I

Doutra parte, D. José Herminio Gómez Frade, con DNIxxxxxxx, como representante legal e en calidade de Presidente da Asociación Cultural Banda de Música Municipal de Silleda, con CIF G-36266682

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez

As partes se recoñecen a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

A Banda de Música Municipal de Silleda é a día de hoxe un dos colectivos culturais máis significados do municipio, pola súa traxectoria e tamén polo número de actividades que organiza e a repercusión das mesmas. Así mesmo, a Banda tense convertido nun dos mellores embaixadores do municipio, ademais de ser a entidade promotora dunha das iniciativas con máis éxito no eido cultural: a creación da Escola de Música Municipal, hoxe con máis de 200 alumnos e alumnas.

Atesourando máis de 130 anos de historia, a Banda de Música Municipal de Silleda vense significando polo pulo renovador que está a vivir nas últimas décadas, coa organización de eventos xa consolidados (Día da Música ou o Concerto de Nadal) e que reúnen a milleiros de persoas. A súa exitosa participación en eventos máis recentes como o Certame de Bandas de Música de Valencia, ou no Festival Intercéltico de Lorient (Francia), súmanse á exitosa traxectoria da Banda, que logrou tamén implicar á veciñanza de Silleda cos seus novos proxectos.

Todas as actividades, concertos e festivais que organiza a Banda de Música Municipal de Silleda supoñen un importe esforzo económico ao longo do ano para esta agrupación, que tamén en 2023 viaxará a Getafe (Madrid) para dar un concerto.

Tendo en conta a importancia da Banda na sociedade, e a repercusión a nivel cultural así como a destacada labor que realiza no plano didáctico, a finalidade deste convenio é axudar á financiación dos custos que supoñen para a agrupación a organización de actividades así como a súa participación noutras iniciativas que puideran xurdir.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 334.48 (Subvencións Asociacións Culturais) do orzamento municipal de Silleda por importe de 20.000 euros (vinte mil euros).

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa aprobada nos orzamentos

municipais do Concello de Silleda para o ano 2023 (Base 57) con cargo á partida 334.48

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Municipal de Silleda, no ámbito da promoción e dinamización cultural.

2.- Obrigas e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 20.000 € con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes firmantes.

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.*
- O acordo unánime de todas as partes.*
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.*

- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade
- Calquera outra prevista nas leis.

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.
- 5.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 6.- Acreditar con anterioridade a dictarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- 8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
- 9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido (dende o 30 de novembro de 2022 ata o 31 de decembro de 2023).

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con

anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

- 1. Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.*
- 2. Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.*
- 3. Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.*
- 4. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- 5. Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.*

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúas xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.

O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional da Banda de Música Municipal de Silleda, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio. Tamén por parte da entidade beneficiaria se incluírá o logo do Concello de Silleda nos carteis, publicacións ou outro material promocional no que se den conta das actividades subvencionadas.

13.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición

contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que poidera resultar de aplicación. As aportacións realizadas polos Concello se rexirán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica.

*José Herminio Gómez Frade
Presidente da Banda Municipal de Silleda
Manuel Cuiña Fernández
Alcalde Concello de Silleda
A Secretaría
Déborah García Suárez”*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local , ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Municipal de Silleda para o ano 2023, cun importe de 20.000 euros, que se transcribe a continuación e que asinarán o alcalde, Manuel Cuiña, en representación do Concello, e o presidente da agrupación bandística, José Herminio Gómez Frade, en representación da mesma.

SEGUNDO.- Dar conta do presente convenio ao departamento de Intervención.

Expediente 273/2023. Subvencións Directas ou Nominativas. CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA RECREATIVA E CULTURAL DE BANDEIRA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a intensa labor cultural que realiza a A Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira.

Visto o programa presentado pola entidade para 2023 e o traballo didáctico que vén desenvolvendo nos últimos anos a través da Escola de Música Municipal.

Visto o necesario apoio do Concello de Silleda a este tipo de iniciativas, para a promoción e difusión da música e da cultura.

Visto que dita subvención nominativa foi publicada no BOP de Pontevedra nº33 do 16 de febreiro de 2023 no anexo de subvencións nominativas.

Visto que transcurrido o prazo de 15 días da aprobación inicial non se presentaron alegacións e o acordo se aprobou definitivamente.

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

Visto o informe favorable da funcionaria do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación

Visto o convenio proposto que se transcribe a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA RECREATIVA E CULTURAL DE BANDEIRA

En Silleda, á data da sinatura electrónica

Dunha parte, D. Manuel Cuiña Fernández, actuando como Alcalde-Presidente no seu nome e representación do Concello de Silleda, con CIF 3605200-I

Doutra parte, Beatriz Rodríguez Pena e, con DNIXXXXXX, como representante legal e en calidade de Presidenta da Banda de Musica Recreativa e Cultural da Bandeira , con CIF G-36029353.

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez

As partes se recoñecen a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

A Banda de Música Recreativa e Cultural da Bandeira é a día de hoxe un dos colectivos culturais máis significados do municipio, pola súa traxectoria e tamén polo número de actividades que organiza e a repercusión das mesmas.

Así mesmo, a Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira vense significando polo pulo renovador que está a vivir nas últimas décadas, coa organización de eventos xa consolidados e que reúnen a numerosas persoas, caso do concerto de Santa Icí, o certame Música a Fartar, ou campamentos musicais, entre outros.

Todas as actividades, concertos e festivais que organiza a entidade supoñen un importe esforzo económico ao longo do ano para esta agrupación.

Tendo en conta a importancia da Banda na sociedade, e a repercusión a nivel cultural así como a destacada labor que realiza no plano didáctico, a finalidade deste convenio é axudar á financiación dos custos que supoñen para a agrupación a organización de actividades así como a súa participación noutras iniciativas que puideran xurdir.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 334.48 (Subvencións Asociacións Culturais) do orzamento municipal de Silleda para o ano 2023 por importe de 15.000 euros (quinze mil euros).

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa aprobada nos orzamentos municipais do Concello de Silleda para o ano 2023 (Base 57) con cargo á partida 334.48

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Recreativa e Cultural da Bandeira, no ámbito da promoción e dinamización cultural.

2.- Obrigas e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 15.000€ con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente

indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes firmantes.

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.*
- O acordo unánime de todas as partes.*
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.*
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade*
- Calquera outra prevista nas leis.*

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.*
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.*
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.*
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais*

5.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6.- Acreditar con anterioridade a dictarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido (dende o 16 de novembro de 2022 ata o 31 de decembro de 2023).

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

1.Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

2.Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.

3.Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

4.Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúas xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.

O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional da Banda Recreativa e Cultural da Bandeira, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio. Tamén por parte da entidade beneficiaria se incluírá o logo do Concello de Silleda nos carteis, publicacións ou outro material promocional no que se den conta das actividades subvencionadas.

13.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que puidera resultar de aplicación. As aportacións realizadas polos Concello se rexirán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica.

<i>Beatriz Rodríguez Pena</i>	<i>Manuel Cuiña Fernández</i>
<i>Presidenta da Banda de Bandeira</i>	<i>Alcalde Concello de Silleda</i>
<i>A Secretaría</i>	
<i>Déborah García Suárez</i>	

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda Recreativa e Cultural da Bandeira para o ano 2023, cun importe de 15.000 euros, que se transcribe a continuación e que asinarán o alcalde, Manuel Cuiña, en representación do Concello, e a presidenta da agrupación bandística, Beatriz Rodríguez Pena, en representación da mesma.

SEGUNDO.- Dar conta do presente convenio ao departamento de Intervención.

Expediente 175/2023. Subvencións Directas ou Nominativas. CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHRISTIAN

COSTOYA SANABRIA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a traxectoria do deportista silledense Christian Costoya Sanabria, representado polo seu proxenitor, D. Marcos Costoya, e as súas posibilidades de destacar dentro do mundo deportivo do motor a nivel internacional.

Visto que é tarefa e obxectivo desta entidade local axudar ao citado deportista a asumir os custes que supón para esta familia silledense o feito de asistir as carreiras necesarias para estar presente en probas como o campionato de España de Karting, e nos campionatos WSK Euro Series, WSK Open Cup, e WSK Champions Cup.

Vista a promoción do Concello de Silleda que se realizará nas carreiras e probas internacionais nas que participe o citado deportista.

Visto o apoio a través do convenio asinado en anos anteriores.

Visto o informe de Intervención que obra no expediente.

Visto o informe favorable da funcionaria do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación.

Visto o convenio que a continuación se transcribe:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHRISTIAN COSTOYA SANABRIA

En Silleda á data da sinatura electrónica

REÚNENSE

Dunha parte, D. Manuel Cuiña Fernández, actuando no seu nome e representación do Concello de Silleda.

Doutra parte, Marcos Costoya Castro, DNIxxxxxxx, como representante legal do menor Cristian Costoya Sanabria.

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez

As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

Dada a traxectoria do deportista e a súa posibilidade de destacar dentro do mundo deportivo do motor, consideramos que debemos axudar a asumir os custes que supón para esta familia silledense o feito de asistir as carreiras necesarias para estar presente en probas internacionais como a WSK Euro Series, WSK Open Cup, WSK Champions CUP 2022 ou o Trofeo Andrea Margutti, entre outros.

Todas estas participacións supoñen un custo de 55.000 euros, que sen dubida son difíciles de asumir a nivel particular, incluso pese á cooperación de patrocinadores particulares.

Tendo en conta o interese de fomento do deporte, que debe realizarse non so a nivel de deporte base senón tamén a nivel de competición xa que este contribúe a súa vez ao interese no deporte consideramos necesaria a participación do Concello, coa finalidade de promocionar un deportista a nivel nacional e inclusive internacionalmente.

A finalidade deste convenio e axudar na financiación dos custos que supoñen para o deportista poder participar nas diferentes carreiras para poder alcanzar o obxectivo de posicionarse nun nivel significativo no mundo do deporte automovilístico.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 241-48 (Fomento do Deporte) por importe de 15.000 euros.

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa aprobada nos orzamentos municipais do Concello de Silleda para o exercicio 2023 (Base 57), con cargo á partida 241.48.

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente

convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e o deportista Christian Costoya no fomento do Deporte silledense e na imaxe do Concello de Silleda en relación co deporte.

2.- Obrigacións e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 15.000 con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes firmantes.

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime de todas as partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade
- Calquera outra prevista nas leis.

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás

restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.*
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.*
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.*
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais*
- 5.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- 6.- Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*
- 7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*
- 8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.*
- 9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.*

10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11.- Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos

previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

- 1. Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.*
- 2. Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.*
- 3. Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.*
- 4. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- 5. Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.*

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúa xustificacións parciais, ademáis da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.

1. O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional do deportista Christian Costoya Sanabria, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio.

2. Presenza en actos oficiais

O deportista Christian Costoya Sanabria , a través do seu representante legal : Marcos Costoya Castro, con DNI 44832524 G, comunicará e convidará aos representantes do Concello de Silleda, a calquera acto promocional ou protocolario organizado polo Patrocinado, tales como competicións, actos de difusión, etc., facilitándose as invitacións ou acreditacións necesarias para o Acto.

3.- Publicidade en presentacións

O deportista garantirá que o Concello de Silleda , teña presenza publicitaria nas presentacións e actos públicos que leve a cabo, facendo mención do patrocinio oficial da citada entidade municipal en cantas entrevistas, presentación, roldas de prensa ou similares convóquense.

4.- Accións publicitarias.

O deportista Christian Costoya Sanabria (o seu representante legal_ Marcos Costoya Castro, DNI 44832524 G), publicitará a marca "Silleda " na indumentaria que vista en todas as competicións na que participe durante o ano natural de 2023.

O deportista Christian Costoya Sanabria exhibirá unha placa na súa sede, en lugar visible na que apareza o logotipo do Concello de Silleda coa lenda "Concello de Silleda Patrocinador Oficial".

5.- Material Promocional.

Así mesmo, o deportista Christian Costoya Sanabria publicitará á marca CONCELLO DE SILLEDA, en calquera acción publicitaria levada a cabo polo patrocinado, tanto anuncios en medios de comunicación (prensa e televisión) como en calquera elemento

13.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que puidera resultar de aplicación. As aportacións realizadas polo Concello se rexirán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica

*Marcos Costoya Castro
Representante do menor*

*Manuel Cuiña Fernández
Alcalde Concello de Silleda*

*Déborah García Suárez
Secretaria"*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local , ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e o deportista Christian Costoya Sanabria.

SEGUNDO.- Dar conta do citado acordo ao departamento de Intervención.

Expediente 1720/2022. Convenios (Aprobación, Modificación ou Extinción). CONVENIO CON SOGAPS 'VACACIONES EN PAZ 2023'

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de colaboración da entidade Solidariedade Galega co Pobo Saharauí con data 13 de outubro de 2022, no que se indica como obxecto da iniciativa a acollida de menores saharauís durante os meses de verán e se pide a colaboración do Concello de Silleda para tal fin.

Visto o informe da educadora social, con data 25 de novembro de 2022, no que se considera oportuna a colaboración municipal de Silleda no Programa, incidindo na necesidade de axuda humanitaria para coas persoas destinatarias, facendo referencia á 'Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento' na que se establece que As Administracións públicas, dentro do ámbito das súas respectivas competencias poderán conceder axudas e subvencións públicas e establecer convenios estables e outras formas de colaboración cos axentes sociais para a execución de programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento (...).

Visto o Proxecto da iniciativa para este ano 2023.

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda.

Vista a aprobación inicial do Plan Estratéxico de Subvencións nominativas, para este ano 2023, con data 26 de xaneiro de 2023.

Visto o informe da Subvención Nominativa, con data 10 de marzo de 2023.

Visto o informe de intervención, con data 13 de marzo de 2023.

Visto o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e SOGAPS para este ano 2023:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI

Silleda, na data das sinaturas electrónicas

REUNIDOS

Dunha parte D^a. Maite Isla Avión, con DNI nº xxxxxxxxxx en calidade de Presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, co CIF- G- 15924558.

De outra parte D. Manuel Cuiña Fernández, en calidade de Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Silleda.

Ambas partes, recoñecen mutuamente capacidade legal suficiente para acordar formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e a tal efecto:

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Finalidade e obxetivos.

As vacacións en paz preséntanse nun marco de solidariedade e axuda desinteresada co fin de propiciarlles unha estancia agradable e humanamente ricas aos nenos e nenas saharauis. Trátase de ofrecerlles unha alternativa a estas crianzas nadas no medio dun clima de guerra e sometidas ás duras condicións dun campamento de refuxiados. Este programa dá a coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non só na súa formación, senon tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre os nosos pobos e o Pobo Saharai.

Estes nenos e nenas naceron nos campamentos de refuxiados saharuis sitios dende fai máis de 40 anos na zona da Hamada alxeriana en Tindouf, preto da fronteira alxeriano-saharai; é dicir, son fillos e fillas das persoas saharauis que abandonaron os seus fogares ante a represión, invasión e ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do antigo Sahara español en 1975. A vida destes nenos e nenas, nados no exilio, transcorre nas mesmas circunstancias como o resto da poboación saharai, privada do máis elemental e sobrevive difícilmente grazas á axuda internacional.

Dende o punto de vista afectivo, o Estado Español representa algo especial para os saharauis polos lazos históricos, culturais e humanos. De feito, as persoas saharauis pertencen á comunidade de hispano-falantes e aínda conservan con esmero o español como segundo idioma.

Obxectivo xeral ou de desenvolvemento:

Financiar parte do custe total do traslado dos nenos e nenas saharauis de Tindouf (Alxeria) acollidos no noso municipio durante os meses de verán de xullo e agosto do presente ano.

Obxetivos específicos:

- Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharauis a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven.
- Facilitar asistencia médica e de alimentación, así como garantir as necesidades fundamentais dos e das menores asegurando a súa integridade física e emocional.
- Promover, entre a sociedade galega, os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade, sempre respectando as súas crenzas.
- Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelá e galega que estudan nos seus programas escolares.
- Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre, evitando a súa estancia nos campamentos

durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas (máis de 50º) e garantindo, unha vez rematado o programa, o regreso ao seu país coa súa familia.

SEGUNDO.- Descrición do proxecto.

O proxecto consiste na execución do Programa 'Vacacións en paz', no que o ámbito de colaboración estará orientado a apoiar economicamente a financiación do traslado dos e das menores saharauis acollidos/as en familias do municipio de Silleda durante os meses de verán 2023.

TERCEIRO.- Financiamento.

1.500 euros aportados polo Concello de Silleda con cargo á aplicación 231-48

CUARTO.- Competencias municipais.

De conformidade co artigo 80.2.k da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de prestación de servizos sociais e promoción e reinserción sociais.

Asimesmo, de acordo coa disposición adicional 1ª da Lei 5/2014 de Galicia, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local:

“Las competencias atribuidas a las entidades locales por la legislación autonómica anterior a la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local, continuarán ejerciéndolas ellas, rigiéndose por la indicada legislación o, en su caso, por el derecho estatal aplicable como supletorio, sin perjuicio de lo dispuesto en las disposiciones adicionales cuarta y quinta sobre la asunción por la Comunidad Autónoma de las competencias relativas a la educación, salud y servicios sociales”.

O que se completa, na citada adicional cuarta, apartado 1º:

“Las competencias que debe asumir la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de educación, salud y servicios sociales en cumplimiento de las disposiciones de la Ley 27/2013, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local, continuarán siendo prestadas por los municipios en tanto no se den las condiciones previstas para su traspaso en la normativa básica y, en particular, el establecimiento del nuevo sistema de financiación autonómica y de las haciendas locales previsto en la misma.

QUINTO.- Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

SEXTO.-Necesidade e oportunidade.

A necesidade derivase da situación de emerxencia social á que se fai referencia no apartado primeiro.

SÉTIMO.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas pola comisión de control regulada na cláusula cuarta.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre o Excmo. Concello de Silleda e a ASOCIACIÓN SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAHUI para a posta en funcionamento do Proxecto Solidario 'VACACIÓNS EN PAZ', na súa execución para o ano 2023.

2.- Obrigacións e compromisos económicos (art. 49 d) Lei 40/2015)

O Concello aportará 1.500 euros con cargo á aplicación 231-48

A contribución económica por parte do Concello de Silleda para o Proxecto "Vacacións en Paz", para contribuír a sufragar os gastos derivados da súa execución. A devandita aportación será ingresada no seguinte número de conta:

ABANCA - ES40 2080 5056 13 3040034374

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, responsabilizarase de facer un seguimento exhaustivo do proxectos conxuntamente coa Delegación Saharauí para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015).

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar á correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Mecanismos de seguemento, vixilancia e control de execución do convenio e dos compromisos adquiridos (art. 49 f) de la Lei 40/2015)

O seguimento, vixilancia e control de execución do convenio e dos compromisos adquiridos realizarase pola comisión de control de acordo co seguinte.

a) Esta comisión será o canle para a cooperación entre as partes asinantes e para a resolución dos problemas de interpretación e seguimento e control da execución do convenio e de cumprimento dos compromisos asumidos.

b) A comisión de control terá a seguinte composición.

Presidente: Representante do Concello de Silleda.

Secretario: 1 funcionario

Vocais: 1 representante do concello de Silleda 1 representante de SOGAPS,

c) Forma de adopción de acordos.

Os acordos adoptaranse por maioría simple.

5.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes asinantes.

6.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023.

7.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a prórroga do mesmo.*
- O acordo unánime de todas as partes.*
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.*
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade*
- Calquera outra prevista nas leis.*

8.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cumprido ou resolto o convenio, levarase a cabo a súa liquidación co obxecto de determinar o cumprimento das obrigas e compromisos de cada unha das partes.

Corresponde ao Concello de Silleda elaborar e aprobar a liquidación do convenio. As cantidades resultantes da liquidación deberán aboarse no prazo dun mes.

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

9.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes obríganse a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

10.- Regulación das subvencións concedidas.

10.1 Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.*
- Sinalar na publicidade que a actividade conta co financiamento do Concello de Silleda.*
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realicen.*
- Comunicar ao Concello a concesión de subvencións de calquera entidade pública ou privada. O incumprimento desta obriga pode dar lugar ás esixencias das responsabilidades que determine a lexislación vixente.*
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada.*
- O sometemento ás actuacións de comprobación do concello da efectiva realización das actividades para as que foi concedida a subvención.*
- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello ou polo Tribunal de Contas.*
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais e coa seguridade social.*
- As restantes establecidas pola normativa reguladora de subvencións.*

10.2 Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles de natureza corrente inherentes ao funcionamento da actividade prevista.

O importe da subvención non poderá superar o 100% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por sí mesma ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenrolada.

Só se considerarán gastos subvencionables a efectos de xustificación da subvención concedida aqueles que cumpran os requisitos do artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, excluíndose a adquisición de bens inventariables (mobiliario, equipamento, etc.).

Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado supera esta porcentaxe, procederase á redución proporcional do importe da subvención.

10.3 Anticipos.

Debido á urxencia humanitaria anticiparase o 100% do importe antes do 30 de abril de 2023.

10.4 Xustificación e pagamento.

Os beneficiarios deberán xustificar a aplicación da subvención como data límite antes do 30 de decembro de 2023, salvo que se solicitase antes do remate do antedito prazo e fose concedida prórroga, debendo no seu caso, motivarse a concesión da mesma.

A xustificación deberá incluír a seguinte documentación:

1º Conta xustificativa simplificada.

- Memoria.
- Relación clasificada de gastos.
- Detalle doutros ingresos ou subvencións.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

3º Declaracións e certificados.

A continuación detállase o contido dos distintos documentos.

1º Conta xustificativa simplificada.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa simplificada, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

De conformidade co artigo 75 do DECRETO 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esta se presentará co seguinte contido:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.
- b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.
- c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

1.- Os gastos en bens e servizos se acreditarán mediante facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil. Poderán presentarse orixinais ou fotocopias compulsadas.

A presentación de copias compulsadas seguirá o seguinte procedemento:

1º. A factura orixinal será compulsada no Concello xestor.

2º. No momento da compulsada o funcionario encargado da mesma realizará a correspondente dilixencia, que constará en ambos documentos (na factura orixinal e na copia)

3º. Poderase incluír na dilixencia un importe inferior ao total da factura, co obxecto de que parte da mesma xustifique esta subvención e o importe restante se use para xustificar outras subvencións.

As facturas deberán emitirse a nome da asociación e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1.496/2003 polo que se regulan as obrigacións de facturación.

2.- Os gastos de persoal se acreditarán mediante nóminas e os correspondentes TC-1 e TC-2 acreditativos de cotización á seguridade social.

A xustificación da subvención incluírá en todo caso a acreditación do pago correspondente. Non se admitirán pagos en efectivo por importe superior a 1.000 euros.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no presente convenio.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.*
- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables).*
- Facturas que non veñan presentadas en tempo e forma.*
- As cantidades satisfeitas aos Concellos por calquera concepto.*

3.- Declaracións e certificados.

- Declaración responsable de non ter recibido outras axudas*
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- Certificados de estar ao corrente das obrigas coa seguridade social e das obrigas tributarias coas administracións autonómica, estatal e co concello de Silleda.*

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada na xustificación.

10.5 Reintegro de subvencións.

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

10.6 Réxime sancionador.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto.

11.- Protección de datos de carácter persoal.

O réxime de protección de datos de carácter persoal aplicable ao presente convenio será o previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Cada parte comprométese a solicitar, sempre que fora necesario, o consentimento dos afectados para a cesión de datos nos termos recollidos na lexislación anteriormente citada.

Neste sentido, as partes comprométese a tratar os datos que lles sexan proporcionados conforme ás instrucións de quen llos proporcione, a non aplicalos nin utilízalos con finalidades distintas ás necesarias para o cumprimento do obxecto do presente convenio e a non comunicalos nin cedelos a terceiros, nin sequera para súa conservación, garantindo que observarán as medidas legalmente previstas que garanten a seguridade dos datos de carácter persoal tratados, evitando a súa alteración, perda, tratamento e/ou acceso non autorizado.

12.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, someteranse a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que poidera resultar de aplicación. As aportacións realizadas polos Concellos se rexirán pola normativa reguladora das subvencións

públicas, sendo de aplicación en todo caso as seguintes:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

En proba de conformidade, formalízase e asínase o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Asdo. Dna. Maite Isla Avión.- Presidenta SOGAPS
Asdo. D. Manuel Cuiña Fernández.- Alcalde do Concello de Silleda
Asdo. Deborah García Suárez.- Secretaria do Concello de Silleda”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio regulador transcrito anteriormente coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharuí (SOGAPS) para desenvolver ao longo do ano 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o abono de 1.500€ á citada asociación para o desenvolvemento do Programa.

TERCEIRO.- Dar conta desta resolución no próximo Pleno da Corporación que se celebre.

Expediente 26/2019. Subvencións Directas ou Nominativas. CONVENIO CON AFAPO 'PROGRAMA DE INTERVENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON ALZHEIMER E FAMILIAS COIDADORAS'

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social, con data 20 de xaneiro de 2023, no que se indica a necesidade de contar cunha actividade dirixida a estes doentes de cara á prevención da enfermidade e á redución do síntomas da mesma.

Visto o Proxecto da iniciativa para este ano 2023.

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda.

Vista a aprobación inicial do Plan Estratéxico de Subvencións nominativas, para este ano 2023, con data 26 de xaneiro de 2023.

Visto o informe da Subvención Nominativa, con data 10 de marzo de 2023.

Visto o informe de intervención, con data 10 de marzo de 2023.

Visto o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e AFAPO para este ano 2023:

“CONVENIO REGULADOR

En Silleda, na data das sinaturas electrónicas .

REUNIDOS

Dunha parte, D. Manuel Cuiña Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Silleda , asistido pola Secretaria Xeral do mesmo, que da fe do acto, e

Doutra parte, D., José Manuel Fontenla Redondo, con DNI número xxxxxxxxxxxx como representante legal da entidade Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer y otras demencias de la Pontevedra en adelante, AFAPO”, con NIF número G - 36461697

INTERVEÑEN

D. Manuel Cuiña Fernández , na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Silleda, no exercicio das facultades de representación atribuídas de conformidade co disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. José Manuel Fontenla Redondo, actuando en representación de AFAPO, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Ambas as dúas partes recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

PRIMEIRO. *Que AFAPO é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxecto principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen Alzheimer e outras demencias.*

De acordo cos seus estatutos, os fins básicos de AFAPO son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades de difusión e sensibilización social.

SEGUNDO. *Que, dentro deses programas, conta cun programa de “ Intervención integral a persoas con Alzheimer e as sus familias cuidadoras”, que inclúe unha serie de obradoiros que*

teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós cuidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.

TERCEIRO. *Que o Concello de Silleda é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas no Concello que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o Concello de Silleda*

CUARTO. *Que de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Legal, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar todos aqueles servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, ostentando en todo caso competencias en materia de Cultura, Deportes, Servizos Comunitarios e Sociais etc., de acordo coa definición concreta que a tal efecto realice a lexislación sectorial reguladora dos diferentes campos de actividade pública.*

QUINTO. *Que ademais do anterior, de conformidade co artigo 28 do mesmo texto legal, os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas, en particular polo que se refire á cultura, á promoción da muller, á educación, á vivenda, á sanidade e á protección do medio ambiente.*

SEXTO. *Que a satisfacción dos intereses xerais nos campos a que anteriormente se sinalou, contribúe dunha maneira fundamental á iniciativa privada, en particular, á de aquelas entidades particulares que as súas actividades sexan de utilidade e/ou interese público ou social, e veñan a complementar os servizos prestados por esta Administración.*

SÉTIMO. *Que dentro das formas da actividade das administracións públicas, a de fomento das actividades dos cidadáns que son de interese público e/ou social e complementarias dos servizos municipais, é de fundamental importancia, xa que en lugar de substituír a acción libre destes, coaduxa a que o citado campo de actividade permaneza no sector privado, coa axuda e colaboración da Administración na consecución, de acordo coa filosofía orientadora do noso sistema constitucional.*

OCTAVO. *Que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoveranse mediante o outorgamento de subvencións que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.*

De feito, a propia Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, posibilita que,

sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

NOVENO. Que a entidade AFAPO, comprométese o: **Desenvolvemento do Programa “Intervención Integral a Persoas con Alzheimer e familias cuidadoras ” no Concello de Silleda** cos obxectivos adestrar capacidades funcionais e cognitivas do enfermo.

DÉCIMO. Que AFAPO comprométese tamén a:

1. Aceptar ós beneficiarios (enfermos) que sexan derivados polos Servizos Sociais do Concello.
2. Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa suxeitándose ás condicións laborais vixentes.
3. Que, no caso de ter que realizar os obradoiros de xeito telemático, enviará a través dos medios establecidos polo Concello de Silleda os exercicios individualizados para cada participante. Ademais, poñerá a disposición desta entidade un psicólogo para poder realizar terapias individuais aqueles usuarios e usuarias que o precisen.
4. Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Por estas razóns, con fin de conseguir o citado obxectivo, ambas partes, ao amparo do disposto pola lexislación vixente, concertan este convenio de acordos cos seguintes

COMPROMISOS

PRIMEIRO. OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto regular o réxime das obrigas derivadas da participación municipal no financiamento do proxecto promovido pola entidade AFAPO , relativo a súa participación nas actividades sinaladas no apartado noveno e décimo do apartado anterior e o mantemento da mesma, cun custe total de 18.000,- €

SEGUNDO. COMPROMISOS MUNICIPAIS

Como colaboración na realización do citado proxecto, o Concello de Silleda comprométese, en virtude do presente convenio, a participar no financiamento cunha subvención de 17.390.- €.

En concreto, subvencionaranse 24 prazas para usuarios derivados polos Servizos Sociais seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, seren obxecto de estimulación.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada.

A corporación municipal comprométese asemade a aportar un local que reúna as características e autorizacións administrativas necesarias para a prestación do servizo, así como a satisfacer os importes das facturas de luz, auga, gas, teléfono fixo e internet que xere a actividade subvencionada.

Así mesmo, de ter que realizar as actividades de xeito telemática modificando a metodoloxía de execución dos obradoiros, o Concello de Silleda será o responsable de facer chegar os exercicios individualizados aos usuarios e usuarias participantes.

TERCEIRO. FORMA DE PAGO

Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

A asociación percibirá o importe da subvención concedida seguindo o calendario de pagos que figura a continuación,

CALENDARIO DE PAGOS		
FITO	DATA	IMPORTE
<i>Inicio da actividade</i>	<i>Data da sinatura do convenio</i>	<i>5.796,66 €</i>
<i>Realización do 50% da actividade</i>	<i>2 de Agosto de 2023</i>	<i>5.796,66 €</i>
<i>Entrega da xustificación</i>	<i>15 de Decembro de 2023</i>	<i>5.796,66 €</i>

O abono dos referidos importes realizarse dentro dos 30 días posteriores ás datas reflexadas no

calendario de pagos de acordo co previsto no artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

De xeito excepcional poderanse realizar pagos a conta previa xustificación do gasto efectuado no xeito establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CUARTO. OBRIGAS DO BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN

O beneficiario da subvención, pola súa parte, comprométese, en virtude do presente convenio, a:

- 1.- Destinar a subvención municipal á finalidade pactada*
- 2.- A facer constar nos carteis e outros o escudo do Concello e a lenda “Subvencionada Concello de Silleda”*
- 3.- A asumir o compromiso de levar o mantemento da entidade*
- 4.- A realizar as actividades que se citan no apartado quinto,*
- 5.- Proceder á devolución, total ou parcial da subvención, no caso de que o proxecto non se leve a efecto ou non se execute integramente, e a xustificar a aplicación da mesma nos termos previstos no compromiso sexto do presente documento.*

Asemade, a entidade AFAPO, comprométese a cumprir e facer cumprir tódalas obrigas legais ó longo de tódalas fases do convenio, en particular as obrigas derivadas do procedemento de concesión e xestión, do reintegro e do control financeiro, con coñecemento e sometemento ao réxime de infraccións e sancións correspondente.

QUINTO. VIXENCIA

O prazo de duración do presente convenio será dende o inicio da execución da actividade ata o 16 de Decembro de 2023.

SEXTO. XUSTIFICACIÓN

Para xustificar o cumprimento das condicións establecidas na concesión da subvención, o beneficiario ten que aportar a seguinte documentación:

-Memoria da actividade subvencionada, especificando o grado de logro dos seus obxectivos.

-Xustificación económica consistente no balance económico da actuación subvencionada, coa desagregación de todos os gastos e ingresos xerados no marco do desenvolvemento da actividade. Os gastos teñen que acreditarse mediante facturas o outros documentos de valor probatorio equivalente. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo a IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

A xustificación terá que ser presentada no prazo de 3 meses, a contar dende a data de finalización da actividade subvencionada.

Se por motivos excepcionais non se puidese presentar a xustificación dentro de este prazo, o

beneficiario poderá solicitar a súa ampliación. Esta solicitude deberá realizarse por escrito e terá que ser presentada antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior. Nesta solicitude alegaranse os motivos que impiden presentar a xustificación dentro do prazo establecido. Á vista desta solicitude, e en función dos motivos alegados, o órgano competente poderá conceder a ampliación do prazo para presentar a xustificación.

SÉTIMO. CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase:

- a).- Polo cumprimento íntegro do seu obxecto.*
- b).- Por incumprimento de calquera das cláusulas deste Convenio.*

OITAVO. INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN

A xurisdición contenciosa será a competente para o coñecemento de calquera cuestión relacionada co presente convenio de colaboración.

NOVENO. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto neste Convenio, estarase ó disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, como proba de conformidade, ámbalas partes firman o presente documento por exemplar duplicado e a un solo efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento. Dou fe.

O ALCALDE,
O BENEFICIARIO
Ante min, A SECRETARIA”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local , ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio regulador transcrito anteriormente coa Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias da provincia de Pontevedra (AFAPO) para desenvolver ao longo do ano 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o abono de 17.390€ (distribuídos en tres pagos ao longo do ano, tal e como marca o convenio) á citada asociación para o desenvolvemento do programa, realizando dous primeiros aboamentos coa consideración de pagos anticipados no xeito establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

TERCEIRO.- Dar conta desta resolución no próximo Pleno da Corporación que se celebre.

Expediente 373/2023. Contratacións. CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

I.- Visto o informe de necesidade de data 21/02/2023, elaborado polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

II.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada en data 02/03/2023, aprobouse o inicio do expediente de contratación POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023 polo procedemento aberto simplificado.

III.- Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerá este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas.

IV.- Visto o informe de Secretaría de data 15/03/2023.

V.- Visto o informe de Intervención de data 15/03/2023.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, do contrato de servizos denominado "SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023". POR LOTES, por importe de 47.515,00 euros máis 9.978,15 euros de IVE

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 57.493,15 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal prorrogado deste Concello para o exercicio 2023.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do CONTRATO DE SERVICIOS POR PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADO-CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

FOD - Expediente 1320/2021. Licenza ou Autorización Urbanística. Rehabilitación e ampliación de edificación tradicional destinada a tenda e local de degustación gastronómica.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1320/2021

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 16 de marzo de 2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

ANTECEDENTES:

1º.-Consta no expediente autorización de Don **Miguel Villar Costoyas**, titular do Documento Nacional de Identidade nº XXXXXXX, actuando en representación de **AUTOMOCIÓN SAN MARCOS S.L. (CIF B-36.050.409)**, a favor de Don **Alfredo Varela Nogueira**, titular do Documento Nacional de Identidade nºXXXXXXXX, de xullo de 2021. Esta representación non está asinada pola persoa interesada.

2º.- Consta no expediente Proxecto básico asinado polo Arquitecto Alfredo Varela Nogueira en xullo de 2021.

3º.- Consta no expediente solicitude de licenza de obras, edificacións, instalacións realizada o 14 de xullo de 2021 para a rehabilitación e ampliación de edificación tradicional destinada a tenda e local de degustación gastronómica, con rexistro de entrada neste Concello nº 2021-E-RE-680.

4º.- Consta no expediente informe de Arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, asinado o 15/11/2021, no que se advirten unha serie de deficiencias na documentación achegada polo representante do interesado.

5º.- Consta no expediente requirimento do 15/11/2021 para a emenda da documentación presentada.

6º.- O 25 de novembro de 2021 consta no expediente autorización debidamente firmada polas partes, rexistro de entrada neste Concello nº

7º.- Consta no expediente Oficio de Dirección de Obra.

8º.- Consta no expediente con data 18 de novembro de 2022, e rexistro de entrada neste Concello nº 4717, a autorización favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas, condicionada a:

-non superar valores de altura e elevación indicados

-e sinalando que si é preciso o uso de medios auxiliares que superen a altura ou elevación autorizada deberá solicitarse a correspondente autorización de maneira previa e preceptiva.

9º.- Consta no expediente xustificante do pago do ICIO.

10º.- Consta no expediente oficio de Dirección de Execución e Coordinador de Seguridade visado polo Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Pontevedra, con data 01/12/2021.

11º.- Consta no expediente autoliquidación da taxa pola licenza de obra.

12º.- Consta no expediente proxecto de execución visado nº 2106906,3 con data 7 de abril de 2022.

13º.- Consta no expediente informe do arquitecto municipal con data 11/04/2022 no que se recolle o seguinte:

“Visto o expediente 1320/2021 no que constan, entre outros, informe de deficiencias asinado por este arquitecto o día 15 de Novembro de 2021, e a documentación aportada polo promotor o día 7 de abril de 2022 (rexistro de entrada 2022-E-RE-358) e, unha vez analizada esta, infórmase que non se aporta a documentación requirida naquel”.

14º.- Consta no expediente autorización de Augas de Galicia asinada pola Directora Augas de Galicia, Teresa María Gutiérrez López, de con data 28/04/2022.

15º.- Consta no expediente autorización da Dirección General de Carreteras para a execución das obras que se solicitan coa suxeción as condicións da propia resolución con data 24/05/2022.

16º.- Consta no expediente plano da ubicación da fosa séptica.

17º.- Consta no expediente informe asinado o 18/10/2022 polo arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, no que se fan constar unha serie de eivas que o interesado ten que emendar, en concreto o informe recolle o seguinte:

“En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presenta certas eivas que deberán ser emendadas previamente á concesión de licenza municipal de obra, en concreto os puntos que se sinalan a continuación:

◦ *Canto á memoria urbanística, non se xustifica a actuación respecto dos supostos de rehabilitación do artigo 40 da LSG.*

◦ *Non se xustifica a actuación consonte ao artigo 40 da Lei do Solo de Galicia. Para xustificar a existencia no ano 1975 podería aportarse:*

- *Certificación Catastral de antigüidade*
- *Fotos Aéreas*
- *Licenzas de Obras Municipais, Empadroamentos...*
- *Facturas da empresa construtora ou de compra de materiais*
- *Altas ou Facturas de Subministracións*
- *Análise Técnica da Construción e Materiais*
- *Contratos Privados*
- *Fotos Privadas ou de Prensa*
- *Manifestación de Testemuñas*

◦ *Non se xustifica o incremento do volume orixinario que permite o artigo 40 da LSG.*

◦ *O proxecto presentado está destinado ao desenvolvemento dunha actividade, e non conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación sinalada no artigo 364 “Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade” do RLSG os seguintes documentos:*

▪ Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consígnase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou a solicitude de licenza de obra, de ser o caso, presentárase a seguinte documentación:

• Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar, de ser o caso subscrita por técnico competente, que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver.

• Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, manifestación expresa da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, subscrita por técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

◦ Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, na memoria xustificación das cores empregados segundo a Guía de Cor e Materiais de Galicia.

◦ O proxecto presentado xustifica o tratamento de augas residuais, mediante foxa estanca de 3.000 l de capacidade (plano nº 28, sen visar, presentado con rexistro de entrada 2022-E-RE-1210). Unha vez posta en funcionamento e previo á fase de soterrado das mesma deberase advertir aos servizos técnicos municipais para que xiren visita de comprobación da mesma. O plano nº 28 forma parte do proxecto de execución, polo que deberá estar visado.

◦ Deberanse aportar os seguintes documentos:

▪ Folla de estatística de edificación e vivenda cumprimentada.

▪ Compromiso de execución dos servizos e de inscrición no rexistro da propiedade.

33.1 A documentación que forme parte do proxecto de execución entra no ámbito de aplicación do Real Decreto 1000/2010, sobre visado colexial obrigatorio, polo que deberá estar visada.”

18º.- Consta no expediente requirimento realizado ó interesado con data 18/10/2022.

19º.- Consta no expediente certificado de acreditación técnica de cumprimento da normativa vixente aplicable as actividades suxeitas a comunicación previa e cambio de titularidade de actividades ou servizos, no que consta o seguinte:

“D/Dña. **ALFREDO VARELA NOGUEIRA**, con número de colegiad 2140 pertenciente al colegio oficial de Arquitectos de Galicia, con domicilio profesional en la calle Galeras, nº 34, Bajo, Local 12 de Santiago de Compostela, en su condición de técnico/a facultativo/a competente **CERTIFICO** en fecha **20/10/2022** :

1. Que la edificación sita en PB PEROXA-LAMELA 4. 36579 SILLEDA

(PONTEVEDRA), cuyo titular es AUTOMOCIONS SAN MARCOS, S.L.. con CIF B-36.050.409 y domicilio en I A Peroxa, nº 19, Silleda, Pontevedra y sus instalaciones reúnen las condiciones de accesibilidad, tranquilidad, seguridad y salud así como las establecidas en el Plan General de Ordenación Municipal de Silleda y demás disposiciones legales en vigor que resulten de aplicación para el establecimiento y ejercicio de la actividad de **Tienda y local de degustación gastronómica**

2. Que de igual forma, se ha sometido a las instalaciones a los procedimientos de revisión/autorización reglamentarios.

3. Que el local reúne suficientes condiciones de solidez y seguridad estructural para el uso que se pretende.

4. Que los planos adjuntos a la comunicación previa reflejan fielmente lo expresado en los apartados anteriores.

Por todo lo anterior, declaro que las instalaciones están totalmente ejecutadas y preparadas para funcionar.

De igual forma, manifiesto que es cierto que he actuado con la máxima objetividad posible, tomando en consideración tanto lo que pueda favorecer como lo que pueda causar perjuicios a mi cliente y conozco las sanciones administrativas y/o penales en el caso de incumplir mi deber como técnico/a redactor/a.

Y para que conste, expido la presente Certificación

En Santiago de Compostela a 20 de Octubre de 2022”.

20°.- Consta no expediente unha memoria urbanística modificada do proxecto básico de rehabilitación e ampliación de edificación tradicional destinada a tenda e local de degustación gastronómica, con data de outubro de 2022, asinada polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, con número de colexiado 2140 pertenciente al colegio oficial de Arquitectos de Galicia. Visado o 25/10/2022 nº 2106906,5.

21°.- Consta no expediente Memoria explicativa da actividade de tenda e local de degustación gastronómica, asinada polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, con número de colexiado 2140 pertenciente al colegio oficial de Arquitectos de Galicia. Visado o 25/10/2022 nº 2106906,5.

22°.- Consta no expediente compromiso de execución servizos e inscrición no Rexistro da Propiedade, que recolle o seguinte:

“D. Miguel Villar Costoyas, con N.I.F.: 33.212542J y y domicilio a efectos de notificación en la parroquia de Lamela, Lugar de Barrabaite, nº 43, actuando en representación de **Automocions San Marcos, S.L.**, con C.I.F.: B-36.050.409 y domicilio a efectos de notificación en A Peroxa, nº 19, Silleda, Pontevedra, mi condición de promotor de la solicitud de autorización para las obras de Rehabilitación y ampliación de la edificación sita en **PB PEROXA-LAMELA 4. 36579 SILLEDA**

(PONTEVEDRA), DESTINADA A la actividad de Tienda y local de degustación gastronómica, según Proyecto Redactado por Arquitav Arquitectos SLP asumo las siguientes obligaciones y compromiso:

A ejecutar a mi cargo exclusivo y totalmente rematadas, las obras e instalaciones necesarias para asegurar el abastecimiento de agua, la evacuación y tratamiento, eliminación y depuración de toda clase de residuos, en condiciones adecuadas para los usos y actividad a implantar, así como corregir las repercusiones que produzca la implantación en capacidad y funcionalidad de las redes de servicios e infraestructuras existentes, según las características del Proyecto de ejecución presentado, en el supuesto de que se obtenga la licencia municipal solicitada.

A ejecutar los servicios indicados simultáneamente con las obras de edificación y a no utilizar la construcción hasta que no se concluyan las mencionadas instalaciones y servicios reflejados en el Proyecto.

A hacer constar a mi cargo exclusivo, en el registro de la propiedad, la vinculación de la total superficie real del predio a la construcción y a su uso autorizado, expresando la indivisibilidad y las concretas limitaciones al uso y edificabilidad impuesta por la autorización.

Y para que conste a los efectos oportunos lo firmo en

En Silleda a 20 de Octubre de 2022”.

23°.- Consta no expediente plano da ubicación da fosa séptica, visado o 25/10/2022, nº 2106906,5.

24°.- Consta no expediente ESTADÍSTICA DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS, visada o 25/10/2022 nº 2106906,4.

25°.- Consta no expediente informe asinado polo arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, con data 25 de xaneiro de 2023 no que se recolle o seguinte:

“ANTECEDENTES:

1. Emitese o presente informe técnico relativo ao expediente 1320/2021, de solicitude de licenza asinada por Automocións San Marcos, S.L., presentada con R.E. 2021-E-RE-680 de 14 de xullo de 2021. Aporta unha copia de proxecto en formato dixital asinado por Alfredo Varela Nogueira, arquitecto colexiado 2140. Posteriormente, con rexistro de entrada 2022-E-RE-358 de 7 de abril de 2022 aporta proxecto de execución visado, que se menciona máis arriba e sobre o que se emite este informe técnico. O 24 de outubro de 2022 aporta nova documentación, en resposta ao requirimento de 18 de Outubro de 2022, sobre o que se emite o presente informe técnico:

INFORME TÉCNICO

2. O técnico que subscribe considera que o proxecto presenta certas eivas que deberán ser emendadas previamente á concesión de licenza municipal de obra, en concreto os puntos que se

senalan a continuación:

◦ *Canto ao sinalado no informe emitido por este técnico o día 18 de outubro de 2022 cómpre sinalar que non se xustifica o incremento de volume máximo establecido no artigo 40 da Lei 2/2016 da LSG. No cadro da páxina 2 do documento “memoria urbanística modificada.pdf” reflíctese un volume actual de 109,90 m³ que, segundo eses cálculos, permitiría unha superficie final de 117,80 m², en superficie, sendo que a ampliación final é de 116,01 m², tamén segundo ese cadro. Porén, para un volume de 109,90 m³, o 50% sería 54,95 m³ e o volume total tras ampliación, de 164,85 m³. Para ter unha superficie de 117,08 m² a altura construída ten que ser de 1,41 metros, o que se contradí con alzados e sección (3,09 m en alzados), alén de ser inhabitable.*

◦ *O proxecto presentado está destinado ao desenvolvemento dunha actividade, e non conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación sinalada no artigo 364 “Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade” do RLSG os seguintes documentos:*

▪ *Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou a solicitude de licenza de obra, de ser o caso, presentarase a seguinte documentación:*

• *Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, manifestación expresa da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, subscriba por técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.*

◦ *Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, na memoria xustificación das cores empregados segundo a Guía de Cor e Materiais de Galicia.*

2.1 A documentación que forme parte do proxecto de execución entra no ámbito de aplicación do Real Decreto 1000/2010, sobre visado colexial obrigatorio, polo que deberá estar visada”.

26°.- Consta no expediente requirimento realizado ó interesado con data 26/01/2023.

27°.- Consta no expediente unha memoria urbanística refundida do proxecto básico de rehabilitación e ampliación de edificación tradicional destinada a tenda e local de degustación gastronómica, con data de febreiro de 2023, asinada polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, con número de colexiado 2140 pertenciente al colegio oficial de Arquitectos de Galicia.

28°.- Consta no expediente dous planos do arquitecto Alfredo Varela Nogueira, con número de colexiado 2140 pertenciente al colegio oficial de Arquitectos de Galicia.

29°.- Consta no expediente Declaración Responsable do Promotor no que D. Miguel Villar Costoyas, en representación de Automocións San Marcos, S.L. con CIF B-36.050.409, na que fai constar que a edificación sita en PB PEROXA-LAMELA 4, 36579 Silleda (Pontevedra) destinada a tenda e local de degustación gastronómica, cumpre todos os requisitos para o exercicio da

actividade e o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e demais previstas no planeamento urbanístico. E ademáis declara dispoñer de determinadas autorizacións.

30º.- Consta no expediente certificado de seguridade e habitabilidade asinado o 04/02/2023 por ALFREDO VARELA NOGUEIRA , con CIF/NIF nº 33262691E, con titulación de ARQUITECTO, pertencente ao Colexio Oficial de GALICIA, con nº de Colexiado 2140.

31º.- Consta no expediente reportaxe fotográfico.

32º.- Consta no expediente informe sectorial da Consellería de Medio Rural con data 13/03/2023 no que se recolle que:

“- segundo se reflicte na memoria urbanística presentado coa solicitude, o solo no que se sitúan as actuacións do proxecto está clasificado como “Solo urbano de núcleos rurais. Ordenación SU/NR” no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda.

- de acordo coa clasificación do solo onde están proxectadas as actuacións, non resulta preceptiva a emisión por parte da Consellería do Medio Rural do informe sectorial previo que recolle o art. 36.2 da lei 2/2016 para os solos rústico de especial protección”.

33º.- Consta **informe favorable** do Arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, asinado o 30/01/2023.

O informe favorable do Arquitecto municipal recolle o seguinte:

*“10. O solo no que se pretende a construción está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Rehabilitación e ampliación de edificación tradicional destinada a tienda y local de degustación gastronómica**, está clasificado como **solo de núcleo rural común**.*

10.1 No proxecto preténdese a rehabilitación dunha edificación existente e posterior ampliación dunha edificación tradicional en forma de L cunha superficie de 58,54 m2 (segundo proxecto), ampliándoa ata configurar o cadrado no que se inscribe, ata acadar unha superficie de 116,01 m2, con destino a tenda de produtos e degustación de produtos gastronómicos, polo que se desprende da memoria.

10.1.1 O 15 de decembro de 2021 este arquitecto emite informe técnico de deficiencias, que se traslada con rexistro de saída 2021-S-RE-1468 e 2021-S-RE-1470 de 15 de Novembro de 2021, no que se solicita, entre outras,

10.1.2 O día 15 de novembro de 2021, rexistro de entrada 2021-E-RE-1269, aporta de novo copia de documento de representación sen asinar.

10.1.3 O 25 de xaneiro de 2021, rexistro de entrada 2021-E-RE-1335, o representante da promotora aporta copias de solicitudes de autorización para usos privativos de augas por disposición legal ante Augas de Galicia, copia da solicitude presentada ante o Ministerio De Transportes, Movilidad Y Agenda Urbana e presolicitude presentada ante a AESA.

10.1.4 Consta no expediente xustificante de pagamento das taxas o día 1/12/2021 por valor de 932,70 € 10.1.5 O 3 de decembro de 2021, rexistro de entrada 2021-E-RE-1380, aporta oficios de nomeamento da dirección facultativa.

10.1.6 O día 3 de decembro de 2021, rexistro de entrada 2021-E-RE-1381, aporta de novo oficios de nomeamento da dirección facultativa. E xustificante de pagamento de taxas.

10.1.7 O día 7 de abril de 2022, rexistro de entrada 2022-E-RE-358, aporta proxecto de execución.

10.1.8 O día 2 de maio de 2022, rexistro de entrada 2022-E-RE-444, o representante da promotora aporta resolución de concesión para usos privativos de augas por disposición legal ante Augas de Galicia nomeada a solicitude no punto 10.1.3 .

10.1.9 O mesmo día, con rexistro de entrada 2022-E-RC-1662, recíbese de Augas de Galicia a resolución nomeada no punto 10.1.3 .

10.1.10 O 24 de maio de 2022, con rexistro de entrada 2022-E-RE-568, o representante da promotora aporta autorización do Ministerio De Transportes, Movilidad Y Agenda Urbana nomeada a solicitude no punto 10.1.3

10.1.11 O 6 de Outubro de 2022, con rexistro de entrada 2022-E-RE-1210, o representante da promotora aporta plano de ubicación de foxa séptica.

10.1.12 Este arquitecto emite informe de deficiencias o día 18 de outubro de 2022, que se remite con rexistros de saída 2022-S-RE-1107 e 2022-S-RE-1108.

10.1.13 O día 25 de Outubro de 2022, rexistro de entrada 2022-E-RE-1276, o representante da promotora aporta certificado de solidez e seguridade, nova memoria urbanística, memoria de actividade, compromiso de execución dos servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade, plano da foxa séptica agora si visado, e folia de estatística e edificación.

10.1.14 O 25 de xaneiro de 2023 este arquitecto emite novo informe de deficiencias que se remite con rexistros de saída 2023-S-RE-95 e 2023-S-RE-97.

10.1.15 O día 6 de febreiro de 2023, rexistro de entrada 2023-E-RE-151, o representante da promotora aporta memoria urbanística refundida, planos xustificativos do incremento de volume, planos de xustificación da normativa, declaración responsable de cumprimento da normativa e certificado do arquitecto.

10.1.16 O 28 de febreiro de 2023, rexistro de entrada 2023-E-RE-232, o representante da promotora aporta reportaxe fotográfica.

10.1.17 O día 8 de marzo de 2023, rexistro de entrada 2023-E-RE-263, o representante da promotora aporta copia de xustificante de solicitude de autorización ante Medio Rural.

10.1.18 O día 13 de marzo de 2023, rexistro de entrada 2023-E-RE-282, aporta autorización de Medio Rural solicitada o 8 de marzo de 2023 mencionada no punto 10.1.17 .

10.2 O actual Plan Xeral do Concello de Silleda ordena o seu ámbito territorial nun só plano a escala 1/25.000. Neste plano non se aprecian, entre outros, a delimitación do perímetro do núcleo, o trazado da rede viaria e a sinalización das aliñacións. Por outra banda, non foi levada a cabo modificación puntual do planeamento que delimitase os núcleos rurais segundo a normativa vixente, tendo en conta que se está a tramitar a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que foi aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016 e o 6 de setembro de 2022. Por conseguinte, visto o que se podería considerar un defecto de forma do Plan polas fallas que se mencionan, considerase que lle corresponde o tipo residual de solo rústico á totalidade do territorio municipal, salvo os cascos urbanos e o polígono industrial, debidamente delimitados no Plan Xeral en vigor.

11. O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, recolle para este ámbito as seguintes afeccións:

Afección Figura Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

Estrada N525 Seguridade Aérea RD 763/2017 Servidume de aproximación ao Aeroporto de Santiago de Compostela Rosalía de Castro

12. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico. CUMPRE

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine. SI

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada

sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona. SI

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica. SI

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos. SI

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio en que se sitúen. As características concretas de revestimento, pintado ou outras condicións exixibles serán determinadas no planeamento respectivo. SI

– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

– Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

– A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios.

Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

– A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio

poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

– Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

– Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

– As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. SI

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas, nos termos que se determinen regulamentariamente. Non procede

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvaguardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta Lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios. Non procede

NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe. CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el. SI

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto. Si

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe. Si

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados. Si

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións. Si

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes. Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e). N/d

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable. Si

13. A rehabilitación de vivendas anteriores a 1975 está permitida por licenza municipal directa en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico segundo o artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do RLSG. A documentación aportada polo promotor xustifica a existencia da edificación antes de 1975, así como o seu volume orixinal. Cómpre sinalar que na documentación presentada con rexistro de entrada 2023-E-RE-151 eméndase o estado inicial da edificación, sendo agora máis grande que na documentación inicial, complementando esta emenda con unha reportaxe fotográfica (REPORTAJE FOTOGRAFICO.pdf presentado con rexistro de entrada 2023-E-RE-232 de 28 de febreiro de 2023.

13.1 Faise constar o que establece nos Criterios da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia á "interpretación do artigo 40 da Lei 2/2016 relativo ás edificacións tradicionais", como resposta á consulta formulada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, solicitando interpretación do artigo 40 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia:

Por edificación existente enténdese aquela que estivese rematada na data sinalada (25 de maio de 1975), e poderá achegarse, para acreditar tal extremo, calquera medio de proba admisible en dereito.

A tal efecto, o artigo 77.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que os feitos relevantes para a decisión dun procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en dereito, cuxa valoración se realizará de acordo cos criterios establecidos na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

O artigo 299 desta última, sinala que os medios de proba dos que se pode facer uso en xuízo son documentos públicos e privados, ditames de peritos, recoñecementos xudiciais, interrogatorios de testemuñas e das partes. En consecuencia, para acreditar a existencia da edificación previa ao 25 de maio de 1975, serán válidos tanto documentos públicos como privados, pero non só documentos, senón tamén ditame de peritos, recoñecementos xudiciais e interrogatorio de testemuñas e partes do procedemento, entre outros.

(...)

Como volume orixinario, considerarase o das construcións existentes con anterioridade ao 25 de maio de 1975, e poderán considerarse todas as edificacións existentes, acumulando os seus volumes, sempre que se atopen na mesma parcela.

Pero o concepto de volume orixinario da edificación tradicional, non se corresponde sempre co volume da edificación existente, xa que pode haber partes arruinadas nunha edificación que, sen embargo, presente, no seu conxunto, un estado de conservación que permita apreciar ás súas características esenciais, de xeito que sexa posible a súa reconstrución. Neste caso, aos efectos da súa posible ampliación, computaría o volumen orixinario e non o existente. Porén, podería darse a situación contraria, un conxunto tradicional onde algunha das partes xa non exista, ou os restos non permitan apreciar as súas características, suposto no que a efectos de ampliación habería que partir do volumen existente e non dos que xa non existen.

13.2 Este técnico considera que se da cumprimento ao artigo 40 da LSG.

14. O proxecto presentado está destinado ao desenvolvemento dunha actividade, e conta coa documentación sinalada no artigo 364 "Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade" do RLSG.

15. Segundo o artigo 92 da LSG "Protección das vías de circulación":

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte.

15.1 Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

15.2 Non é obxecto deste proxecto a execución de novo peche da parcela.

16. Consta na memoria xustificación das cores empregados segundo a **Guía de Cor e Materiais de Galicia**.

17. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade de Galicia**, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

18. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade encaso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

19. Consta **certificación de eficiencia enerxética de proxecto rexistrada** (Real Decreto 390/2021, de 1 de junio, por el que se aprueba el procedimiento básico para la certificación de la eficiencia energética de los edificios, artigos 6 e 9, e artigo 8 do Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia e concordantes). O certificado de eficiencia enerxética do edificio proxectado, debidamente rexistrado, deberá formar parte do proxecto de execución e será obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude de licenza de primeira ocupación.

20. O proxecto presentado xustifica o **tratamento de augas residuais**, mediante foxa estanca de 3.000 l de capacidade (plano nº 28 presentado con rexistro de entrada 2022-E-RE-1276). Unha vez posta en funcionamento e previo á fase de soterrado das mesma deberase advertir aos servizos técnicos municipais para que xiren visita de comprobación da mesma.

21. O proxecto presentado xustifica o **abastecemento de auga**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto mediante concesión de Usos privativos por disposición legal. (CVE2 nNr8GCugFF38).

22. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación: (cadro que non se transcribe, consta na páxina 9 do informe do arquitecto municipal)

23. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

23.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

23.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE3: sC7zAQCeCIZ2

24. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

25. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, *Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:*

25.1 *Ministerio De Transportes, Movilidad Y Agenda Urbana.*

25.1.1 *Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE4: MFOM02S8A1E310F7C7BB424FC13B.*

25.2 *Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela-Rosalía de Castro.*

25.2.1 *Consta no expediente resolución pola que se formula a declaración có código5 AESASRVAISA000FSA5UQJ3JUK0RDA*

26. *Consta folla de estatística de edificación e vivenda cumprimentada.*

27. *Consta o compromiso de execución dos servizos e de inscrición no rexistro da propiedade.*

En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Rehabilitación e ampliación de edificación tradicional destinada a tienda y local de degustación gastronómica solicitada, dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais sinalados nos puntos 23 e 25 deste informe e que constan no expediente 1320/2021.

Canto ao tratamento de augas residuais por foxa estanca, unha vez posta en funcionamento e previo á fase de soterrado das mesma deberase advertir aos servizos técnicos municipais para que xiren visita de comprobación da mesma”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de

edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

No que respecta ao disposto na letra a) do precepto citado (artigo 142.2) e do artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non podemos perder de vista que os mesmos aluden única e exclusivamente aos «actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación; precisen proxecto de obras de edificación», as obras nas que concorran os requisitos citados serán as únicas para as cales, por tanto, será necesaria licenza urbanística.

En relación co anterior debe terse en conta que o artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordeación da edificación, redactado polo número un da disposición final terceira da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, detalla as obras que, para os efectos da devandita normativa; gozan da consideración de "edificación" e requiren proxecto, sinalando as que seguen:

"a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.

b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aqueloutras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección."

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.-A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.-Cando na obra proxectada se previse o desenrolo dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.-No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con

anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.-Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

QUINTO.- NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA.

As construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para ese efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que:

ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

d) As construcións haberán de presentar todos as súas paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, emprazamento ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Estas normas segundo o disposto no artigo 216 RLSG deben ser concretadas polo concello respectivo, en forma de determinacións xustificadas incluídas nos instrumentos de plan urbanístico aplicables, ou ben en forma de condicións que se impoñan nos títulos habilitantes de natureza urbanística e demais autorizacións que procedan, en desenvolvemento xustificado das citadas

determinacións.

SEXTO.- CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.

O Concello de Silleda conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma.

No informe do Arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, asinado o 30/01/2023, establécese que o solo no que se pretende a construción está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Rehabilitación e ampliación de edificación tradicional destinada a tienda y local de degustación gastronómica, está clasificado como **solo de núcleo rural común**.

A rehabilitación de vivendas anteriores a 1975 está permitida por licenza municipal directa en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico segundo o artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do RLSG.

Polo exposto, a **Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:**

PRIMEIRO.-Conceder a Don **MIGUEL VILLAR COSTOYAS** en representación de **AUTOMOCIÓNES SAN MARCOS, S.L.** con C.I.F.: **B-36.050.409** a licenza urbanística solicitada para a **Rehabilitación e ampliación de edificación tradicional destinada a tenda e local de degustación gastronómica** sita no lugar de Peroxa-Lamela 4 C.P. 36579 Silleda (Referencia Catastral N0070040000000001QQ e 36052D507007720000XJ), de acordo co proxecto Básico e de Execución, asinado por Don Alfredo Varela Nogueira, arquitecto Colexiado nº 2140.

SEGUNDO.- A licenza otórgase **deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, e **CONDICIONADA** ás previsións dos **informes técnicos e sectoriais** que figuran no mesmo expediente

TERCEIRO.- Unha vez obtida a licenza de utilización deberase presentar comunicación previa de inicio de actividade de conformidade co establecido nos artigos 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e 364.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE